

## Menú Principal

[Portada](#)[O Rosal](#)[A Guarda](#)[Tui](#)[Tomiño](#)[Oia](#)[Comarca](#)[Nacional](#)[Estado](#)[Mundo](#)[Cultura](#)[Reportaxes](#)[Municipais 2007](#)

## A evolución dos espantallos

Informe  
Chan do Cereixo

## Comunidade

[Quen somos?](#)[Recoméndanos](#)[Ligazóns](#)[Contacto](#)[Descargas](#)[Directorio](#)[Foro](#)[Galería de Imaxes](#)[Pesquisar](#)[Apoio a InfoRosal](#)

## Coñece....

[O Baixo Miño](#)

## Opinión

[Nacional](#)[Estado](#)[Internacional](#)[Portada](#) ► [Cultura](#) ► O tudense Xosé María Álvarez Blázquez será o personaxe ao que se adicará o Día das Letras Galegas no 2008

## O tudense Xosé María Álvarez Blázquez será o personaxe ao que se adicará o Día das Letras Galegas no 2008



Luns, 02 de Xullo do 2007



O tudense Xosé María Álvarez Blázquez, será o escritor ao que se adicará o Día das Letras Galegas no próximo ano, segundo acordo adoptado no plenario do pasado sábado pola Real Academia Galega.

Xosé María Álvarez Blázquez é un persoeiro vencellado á cidade de Tui polo seu nacemento en 1915, e porque nesta cidade iniciou os seus traballos de investigación na prehistoria, e tamén ocupou unha praza de mestre no estoupido da Guerra Civil, que tan dramáticamente lle afectou, ao fusilar ao seu pai, o médico Dario Álvarez Limeses, e mesmo ser depurado como mestre e trasladado a un pobo de Zamora. Logo da súa excedencia voluntaria, no ano 1942, comezou en Vigo unha intensa laboura cultural que ocupoulle toda a súa vida.

Álvarez Blázquez militou na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista. Fundou a Editorial Monterrey xunto a Luís Viñas Cortegoso, no 1950, editora que amparou o nacemento da denominada Nova Narrativa Galega, tamén fundaría Edicións Castrelos no ano 64 que editaría a colección O Moucho, que abriu *O catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal e popularizaría as obras de Rosalía e Curros Enríquez. Entrou a formar parte da RAG no 62. Morreu en Vigo no 1985.

Da súa obra en galego, destacan a colección de relatos *Os ruíns* (1936) e *A pega rabilongo e outras historias de tesouros* (1971), no xénero da narrativa infantil. Entre a súa obra lírica, o poemario, realizado xunto co seu irmán Emilio, *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioneiro de Monfero* (1953), unha das obras claves do neotrobadorismo, *Romance do pescador peleriño* (1954), ademais de *Canle segredo*, escrito no 54 e publicado no 76. Como ensaísta, publicou *Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX* (no 59), *Escolma de epigramas* (1968), e *Escolma de poesía medieval* (1975).

Álvarez Blázquez é pai de Xosé María, Alfonso, Celso e Berta Álvarez Cáccamo, dos cales, curiosamente, os tres primeiros tamén son escritores.

## Relacionadas:

[O Concello de Tui apoia a "candidatura" de Xosé María Álvarez Blázquez ao Día das Letras Galegas 2008](#)

[Seg. >](#)[\[ Atrás \]](#)

## Colaboradores

